



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 215
20 de outubro de 2021

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei do Plan Galego de Estatística 2022-2026

Emendas ao articulado

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 23709)

[85100](#)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 23711)

[85114](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 22036 (11/PNC-002087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras de seguridade nos portos de Malpica e de Barizo

[85094](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 21289 (11/PNC-002023)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de censurar diante da Unión Europea o comportamento do Goberno de Noruega sobre a frota bacallaeira e a exixencia de medidas de sanción fronte ao recorte unilateral de cotas de pesca de bacallau

[85095](#)

I 21828 (11/PNC-002069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para executar as obras de mellora da seguridade da dársena de Malpica de Bergantiños

[85095](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 19 de outubro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/746 no que respecta ás disposicións transitorias para determinados produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* e á aplicación diferida dos requisitos aplicables aos produtos internos (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2021) 627 final] [2021/0323 (COD)]

-11/UECS-000110 (23825) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/746 no que respecta ás disposicións transitorias para determinados produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* e á aplicación diferida dos requisitos aplicables aos produtos internos (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2021) 627 final] [2021/0323 (COD)] [85126](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.3. Composición da Mesa do Parlamento

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 19 de outubro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 23811) [85097](#)

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

Elección de vicepresidente

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

(11/CEEM-000031)

Vicepresidenta: dona Ana Belén García Vidal

[85098](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 15 de outubro de 2021, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A) [85099](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei do Plan Galego de Estatística 2022-2026 (docs. núms. 23709 e 23711)

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 18 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 23709)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 23711)

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 19 de outubro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 22036 (11/PNC-002087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras de seguridade nos portos de Malpica e de Barizo

BOPG nº 206, do 29.09.2021

Sómétese a votación separada por puntos:

Punto 1: resulta rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra a 0 abstencións.

Punto 2: resulta aprobado pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo coa maior brevidade os investimentos necesarios na dársena do porto de Malpica e Barizo e no dique de abrigo, ademais do apuntalamento do tramo de acceso da dársena para vehículos pesados.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 21289 (11/PNC-002023)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de censurar diante da Unión Europea o comportamento do Goberno de Noruega sobre a frota bacallaeira e a exixencia de medidas de sanción fronte ao recorte unilateral de cotas de pesca de bacallau

BOPG nº 198, do 15.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para censurar diante da UE o comportamento do Goberno de Noruega sobre a frota bacallaeira, así como para exixirlle que se adopten medidas equivalentes de sanción fronte ao recorte unilateral de disposición de cotas de pesca de bacallau.»

- 21828 (11/PNC-002069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para executar as obras de mellora da seguridade da dársena de Malpica de Bergantiños

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar coa maior brevidade posible as obras de mellora da seguridade da dársena de Malpica, e a comprometerse a incluír nos orzamentos do 2022 unha cantidade suficiente para a súa execución íntegra, ou, no caso de realizarse por fases, incluír cantidade suficiente para a execución dunha primeira fase.»

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 19 de outubro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/746 no que respecta ás disposicións transitorias para determinados produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* e á aplicación diferida dos requisitos aplicables aos produtos internos (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2021) 627 final] [2021/0323 (COD)]

-11/UECS-000110 (23825) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/746 no que respecta ás disposicións transitorias para determinados produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* e á aplicación diferida dos requisitos aplicables aos produtos internos (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2021) 627 final] [2021/0323 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 23825, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/746 no que respecta ás disposicións transitorias para determinados produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* e á aplicación diferida dos requisitos aplicables aos produtos internos (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2021) 627 final] [2021/0323 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 19 de outubro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 23811)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 23811, o escrito do portavoz do G. P. Popular polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Baixa: José Antonio Armada Pérez
Alta: María Felisa Rodríguez Carrera

— Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Baixa: Marta Nóvoa Iglesias
Alta: María Begoña Freire Vázquez

— Comisión 4ª, Educación e Cultura

Baixas: María Encarnación Amigo Díaz e Sandra Vázquez Domínguez
Altas: Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez

— Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Baixa: María Elena Suárez Sarmiento
Alta: Rosalía López Sánchez

— Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Baixas: Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez
Altas: Adrián Pardo López e Moisés Rodríguez Pérez

— Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Baixas: Ramón Carballo Páez e María Felisa Rodríguez Carrera
Altas: Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño

— Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Baixa: José Alberto Pazos Couñago
Alta: María Begoña Freire Vázquez

— Comisión Permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas

Baixas: María Guadalupe Murillo Solís e Cristina Sanz Arias
Altas: Miguel Prado Patiño e Belén Cachafeiro Anta

— Comisión do Estatuto dos Deputados

Baixa: Pedro Puy Fraga
Alta: José Alberto Pazos Couñago

— Deputación Permanente

Alta: Adrián Pardo López (titular)

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2.2.6. Composición da Mesa das comisións Elección de vicepresidente

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

I (11/CEEM-000031)

Vicepresidenta: dona Ana Belén García Vidal

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2021
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 15 de outubro de 2021, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A)

De conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A), aprobadas por Acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021,

RESOLVO:

Nomear titulares e suplentes do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso nas anteditas prazas as persoas que figuran a seguir:

Tribunal titular:

Presidenta: Raquel Rodríguez Carro, letrada

Secretario: Xermán García Cancela, xefe do Servizo de Publicacións

Vogal 1: Carmen Moreiras Plaza, funcionaria do grupo A

Vogal 2: Xosé Luis Regueira Fernández, catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da USC

Vogal 3: María Miramontes Castro, funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia

Tribunal suplente:

Presidenta: Purificación López Gómez, letrada

Secretaria: Marrosa Bucela López, funcionaria do grupo A

Vogal 1: Dolores Reiriz Villar, funcionaria do grupo A

Vogal 2: María Álvarez de la Granja, profesora titular de Filoloxías Galega e Portuguesa da USC

Vogal 3: Anxo Teixeira Piñeiro, xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DO PLAN GALEGO DE
ESTADÍSTICA 2022-2026 (NUM. EXPE. 11/PL-000010).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 4

Engadir no Artigo 4 o seguinte texto in fine:
“mediante a súa remisión e unha comparecencia específica.”

Emenda nº2, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 5

Substituír no apartado 1 do Artigo 5 “aos” por “a”.

Quedaría da seguinte forma:
“...adecuándose a criterios de economía e de aproveitamento...”

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Engadir no apartado 1 do Artigo 5 entre “estadístico” e “galego”, a palabra: “público”.

Quedando a redacción da seguinte maneira: “1. O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o sistema **estadístico público galego** e acadar un conxunto coherente (...)”.

Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Engadir no apartado 1 do Artigo 5 entre “que” e “responda”, o seguinte texto: “garanta o avance no coñecemento da realidade galega e que”.





Quedaría a redacción da seguinte maneira: "(...) galego e acadar un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que **garanta o avance no coñecemento da realidade galega e que** responda ás demandas de información (...)".

Emenda nº5, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

Engadir no apartado 1 do Artigo 6 entre "períodos," e "conservarase", o seguinte texto: "sen prexuízo da incorporación doutras novas,".

Quedaría a redacción da seguinte maneira: "(...) Para que a oferta estatística sexa relevante e facilite a comparanza temporal con outros períodos, **sen prexuízo da incorporación doutras novas**, conservarase as metas con difusión de resultados do (...)"

Emenda nº6, ao apartado 2, de Adición. Artigo 7

Engadir no apartado 2 do Artigo 7 o seguinte texto in fine: "Así mesmo, facilitarase o acceso do persoal e entidades investigadoras á información estatística dispoñíbel no sistema estatístico galego."

Emenda nº7, ao apartado 1, de Adición. Artigo 8

Engadir no apartado 1 do Artigo 8 despois de: "entidades usuarias", o seguinte texto: "e do interese do conxunto da sociedade galega".

Emenda nº8, ao apartado 3, de Adición. Artigo 8

Engadir no apartado 3 do Artigo 8 o seguinte texto in fine: "sen prexuízo de adaptalas en función do interese da sociedade e das necesidades dos poderes públicos de Galiza."



Emenda nº9, ao apartado 7, de Adición. Artigo 8

Engadir no Artigo 8 un novo apartado 7 coa seguinte redacción:

“7. Perspectiva de xénero: as estatísticas axustaranse a un proceso de desenvolvemento metodolóxico para avanzar na mellor a integración da perspectiva de xénero na produción e explotación estatística, de forma que a concreción da desagregación por sexo e por xénero se oriente a poder fornecer unha mellor atención das diferentes circunstancias de xénero.”

Emenda nº10, ao apartado 8, de Adición. Artigo 8

Engadir no Artigo 8 un novo apartado 8 coa seguinte redacción:

“8. Coñecemento social: avanzarase na difusión e no coñecemento social das ferramentas e resultados do sistema estatístico galego a través dun soporte web e de redes sociais modernizados, do impulso de campañas de divulgación e aprendizaxe e da colaboración con outras entidades.”

Emenda nº11, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 9

Modificar a redacción do apartado 3 do Artigo 9, que quedaría da seguinte maneira:

“3. Nas operacións figurarán tamén o estado e, se procede, as persoas ou entidades obrigadas a subministrar información, así como as compensacións económicas previstas no Artigo 23 da Lei 9/1988, do 19 de xullo. As formas e prazos de difusión especificaranse obrigatoriamente nas programadas en curso, en cumprimento coa difusión prevista no ano, e sempre que sexa posible nas demais operacións.”



Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

Engadir no apartado 1 do Artigo 12 o seguinte texto:

"Na execución darase prioridade ao ámbito público, cando non sexa así a súa motivación someterase a consideración do Consello Galego de Estatística."

Emenda nº13, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 19

Substituír no apartado 3 do Artigo 19 o texto: "poderá solicitar", por: "recibirá".

Emenda nº14, de Modificación. Disposición adicional única

Modificar o título da Disposición adicional única substituíndo "única", por: "primeira".

Emenda nº15, de Adición. Disposición adicional segunda

Engadir unha nova disposición adicional co seguinte texto:

"Disposición adicional segunda. Integración do rexistro galego de familias monoparentais e impulso ao estudo estatístico da monoparentalidade e as súas características.
Integrarase o rexistro galego de familias monoparentais previsto ao abeiro da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza, para a súa explotación estatística garantindo o debido cumprimento da normativa de protección de datos. Así mesmo, impulsaranse operacións e actividades estatísticas para unha maior aproximación ao estudo da monoparentalidade e as súas características conforme aos avances normativos e sociais."

Emenda nº16, de Adición. Disposición adicional terceira



Engadir unha nova disposición adicional co seguinte texto:

“Disposición adicional terceira. Elaboración periódica da conta satélite para a valoración do traballo doméstico, de coidados e comunitario. A organización estatística da comunidade programará operacións e actividades estatísticas orientadas a desenvolver o mandato do artigo 29 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade que recolle a elaboración dunha conta satélite onde se cuantificará o valor económico do traballo doméstico, de coidados e comunitario realizado por mulleres e homes, e daralle á citada cuantificación económica a debida publicidade social.”

Emenda nº17, de Adición. Disposición adicional cuarta

Engadir unha nova Disposición adicional co seguinte texto:

“Disposición adicional cuarta. Elaboración periódica da macroenquisa galega sobre violencia machista. A organización estatística da comunidade programará, en colaboración cos organismos e axentes pertinentes da administración galega, a elaboración periódica dunha macroenquisa galega sobre a violencia de xénero.”

Emenda nº18, de Adición. Sección 1.1

Engadir na Área 1, Sección 1.1. do Anexo II, a carón de “incendios forestais” un novo contido:
“Medios de prevención e extinción, distribución territorial e carácter público ou privado”.

Emenda nº19, de Adición. Sección 1.2

Engadir na Área 1, Sección 1.2. do Anexo II, a continuación de: “reservas de auga”, un novo epígrafe co seguinte texto:



“Usos da auga e prezos de acceso”.

Emenda nº20, de Adición. Sección 1.2

Engadir na Área 1, Sección 1.2. do Anexo II, un novo contido ao final da relación co seguinte texto:
“Mobilidade e transición enerxética. Prácticas, necesidades e custos”.

Emenda nº21, de Adición. Sección 2.1

Engadir na Área 2, Sección 2.1. do Anexo II, a continuación de:
“Dinámica da poboación”, o seguinte epígrafe:
“Movementos migratorios”.

Emenda nº22, de Adición. Sección 2.2

Engadir na Área 2, Sección 2.2. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:
“Gasto farmacéutico”.

Emenda nº23, de Adición. Sección 2.2

Engadir na Área 2, Sección 2.2. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:
“Persoal ao servizo do sistema público de saúde. Categorías, tipoloxía de contratación, distribución territorial e por habitante”.

Emenda nº24, de Adición. Sección 2.2

Engadir na Área 2, Sección 2.2. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:



“Esperanza de vida en boa saúde”.

Emenda nº25, de Adición. Sección 2.2

Engadir na Área 2, Sección 2.2. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:

“Impacto da covid-19. Consecuencias no sistema sanitario e na saúde da poboación”.

Emenda nº26, de Adición. Sección 2.3

Engadir na Área 2, Sección 2.3. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:

“Transferencia directa e indirecta do gasto público ao ensino privado.

Transferencia de estudantes do ensino público ao ensino privado e concertado e viceversa.”

Emenda nº27, de Adición. Sección 2.3

Engadir na Área 2, Sección 2.3. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:

“Fracaso escolar. Evolución das repeticións.”

Emenda nº28, de Adición. Sección 2.3

Engadir na Área 2, Sección 2.3. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:

“Acoso escolar. Expedientes abertos, mediación, resolución e evolución.”





Emenda nº29, de Adición. Sección 2.3

Engadir na Área 2, Sección 2.3. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:
“Impacto da covid-19 no sistema educativo”.

Emenda nº30, de Adición. Sección 2.3

Engadir na Área 2, Sección 2.3. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:
“Persoal ao servizo do sistema público de educación. Categorías, tipoloxía de contratación, distribución territorial e por habitante”.

Emenda nº31, de Adición. Sección 2.4

Engadir na Área 2, Sección 2.4. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:
“Temporalidade e precariedade no mercado laboral. Graos de temporalidade e precariedade por sectores produtivos e de poboación.
Número de días e horas traballados por contrato laboral temporal.
Indicadores de desigualdade salarial”.

Emenda nº32, de Adición. Sección 2.4

Engadir na Área 2, Sección 2.4. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:
“Cobertura das prestacións por desemprego”.





Emenda nº33, de Adición. Sección 2.4

Engadir na Área 2, Sección 2.4. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:

“Impacto da covid-19. Consecuencias no mercado e condicións laborais”.

Emenda nº34, de Adición. Sección 2.5

Engadir na Área 2, Sección 2.5. do Anexo II, a carón de “violencia de xénero” o seguinte:

“Medidas económicas de apoio. Macroenquisa de percepción social”.

Emenda nº35, de Adición. Sección 2.5

Engadir na Área 2, Sección 2.5. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:

“Gasto público en prestacións de dependencia
Prestacións de dependencia. Tempo medio no recoñecemento, prestacións recoñecidas pendentes de pagamento. Grao de cobertura das necesidades de dependencia”.

Emenda nº36, de Adición. Sección 2.5

Engadir na Área 2, Sección 2.5. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:

“Gasto en autovías”.

Emenda nº37, de Adición. Sección 2.5





Engadir na Área 2, Sección 2.5. do Anexo II, ao final da listaxe,
o seguinte epígrafe:
“Realidade trans”.

Emenda nº38, de Adición. Sección 2.5

Engadir na Área 2, Sección 2.5. do Anexo II, ao final da listaxe,
o seguinte epígrafe:
“Monoparentalidade”.

Emenda nº39, de Adición. Sección 2.5

Engadir na Área 2, Sección 2.5. do Anexo II, ao final da listaxe,
o seguinte epígrafe:
“Maternidade e paternidade”.

Emenda nº40, de Adición. Sección 2.5

Engadir na Área 2, Sección 2.5. do Anexo II, ao final da listaxe,
o seguinte epígrafe:
“Impacto da covid-19 nas condicións sociais e materiais de
vida”.

Emenda nº41, de Adición. Sección 2.6

Engadir na Área 2, Sección 2.6. do Anexo II, ao final da listaxe,
os seguintes epígrafes:
“Uso da lingua galega no ensino preobrigatorio, obrigatorio e
post-obrigatorio.
Lingua galega e mocidade
Uso da lingua galega na Administración.
Uso da lingua galega no ámbito económico”.



Emenda nº42, de Adición. Sección 2.7

Engadir na Área 2, Sección 2.7. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:

“Vivenda baleira
Desafiuzamentos.
Vivenda protexida. Oferta e demanda
Exclusión residencial
Vivenda e pobreza”.

Emenda nº43, de Adición. Sección 3.1

Engadir na Área 3, Sección 3.1. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:

“Relevo xeracional.
Transformación, modernización e innovación no sector agrario.
Dimensión das explotacións agrarias e gandeiras.
Rendas agrarias e gandeiras
Viticultura. Producción, emprego e prezos.
Producción ecolóxica
Denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.
Indicadores socioeconómicos e produtivos”.

Emenda nº44, de Adición. Sección 3.2

Engadir na Área 3, Sección 3.2. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:

“Acuicultura. Producción, emprego e prezos
Accidentes laborais no mar”.

Emenda nº45, de Adición. Sección 3.3

Engadir na Área 3, Sección 3.3. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:

“Ingresos tributarios e sector enerxético
Balance enerxético



Autoconsumo”.

Emenda nº46, de Adición. Sección 3.5

Engadir na Área 3, Sección 3.5. do Anexo II, a continuación de:
“Comercio interior”, o seguinte epígrafe:
“Establecementos comerciais: tradicionais, pequeno comercio,
grandes superficies”.

Emenda nº47, de Adición. Sección 3.5

Engadir na Área 3, Sección 3.5. do Anexo II, a continuación de:
“Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de
mercado”, os seguintes epígrafes:
“Evolución do sistema financeiro galego. Concentración,
evolución dos depósitos e créditos, emprego e servizos por
habitante e distribución territorial”.

Emenda nº48, de Adición. Sección 3.6

Engadir na Área 3, Sección 3.6. do Anexo II, ao final da listaxe,
o seguinte epígrafe:
“Recursos e gasto no sistema público para a atención á vellez”.

Emenda nº49, de Adición. Sección 3.6

Engadir na Área 3, Sección 3.6. do Anexo II, ao final da listaxe,
os seguintes epígrafes:
“Dimensión do sector público autonómico
Compromisos plurianuais de gasto, compromisos por acordos
público-privados e débeda pública”.



Emenda nº50, de Adición. Sección 3.7

Engadir na Área 3, Sección 3.7. do Anexo II, ao final da listaxe, do seguinte epígrafe:
“Impacto dos prezos enerxéticos”.

Emenda nº51, de Adición. Sección 3.7

Engadir na Área 3, Sección 3.8. do Anexo II, ao final da listaxe, o seguinte epígrafe:
“Impacto da covid-19 na actividade empresarial”.

Emenda nº52, de Adición. Sección 4.1

Engadir na Área 4, Sección 4.1, do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:
“Sociedade da información e estrutura demográfica.
Infraestruturas para a sociedade da información. Número, características, valoración e necesidades”.

Emenda nº53, de Adición. Sección 4.2

Engadir na Área 4, Sección 4.2. do Anexo II, ao final da listaxe, os seguintes epígrafes:
“Transferencia investigadora e innovadora ao tecido produtivo
Investigación básica”.

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/10/2021 17:57:19





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2021 17:57:48
Nº Rexistro: 23709
Data envío: 14/10/2021 17:57:48.863

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2021 17:57:30

CSV: REXISTROJ9NujX266
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



85164

85113

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO PLAN GALEGO DE
ESTADÍSTICA 2022-2026 (NUM. EXPE. 11/PL-000010).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 4

Na primeira liña deste artigo, logo de: "... elaborará un informe ...", débese engadir a seguinte palabra: "... anual..."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 4

No artigo 4, onde di: "... e porá en coñecemento do Parlamento.", debe dicir: "... e darase conta no Parlamento de Galicia mediante una comparecencia específica."

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

No punto 1, deste artigo, logo de: "... programa estatístico ...", débese engadir a palabra: "... anual ..."

Emenda nº4, ao apartado 2, de Adición. Artigo 10

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* a palabra: "... anual."

Emenda nº5, ao apartado 4, de Adición. Artigo 10

Débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:

"4. Do contido do programa estatístico anual daráselle conta ao Parlamento de Galicia mediante unha comparecencia específica, que se realizará no último trimestre do ano anterior o de referencia do correspondente programa anual."



Emenda nº6, de Adición. Artigo 11

Na primeira liña deste artigo logo de: "... realizará un informe ...", débese engadir a seguinte palabra: "... anual ..."

Emenda nº7, de Adición. Artigo 11

Neste artigo débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "... de Galicia."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"... incluso despois de rematar os devanditos acordos, convenios ou contratos."

Emenda nº9, de Adición. Sección 1.1

No Anexo I, despois do enunciado da Sección 1.1 "Territorio e recursos naturais", débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Obxectivo xeral: dispoñer de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos á situación do territorio, ás infraestruturas e aos recursos naturais."

Emenda nº10, de Adición. Sección 1.2

No Anexo I, logo do enunciado da Sección 1.2. "Medio ambiente", débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:



"Obxectivo xeral: dispoñer de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos ao medio ambiente e na evolución da calidade ambiental."

Emenda nº11, de Adición. Sección 2.1

No Anexo I, sección 2.1. despois do enunciado "Poboación e fogares", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da realidade demográfica e na súa situación territorial realizando previsións sobre a súa evolución futura."

Emenda nº12, de Adición. Sección 2.2

No Anexo I, sección 2.2, despois do enunciado "Sanidade", débese engadir un novo párrafo que terá o seguinte contido:

"Obxectivo xeral: afondar no coñecemento dos recursos sanitarios de Galicia, da calidade asistencial e dos aspectos que condicionan a saúde da poboación."

Emenda nº13, de Adición. Sección 2.3

No Anexo I, Sección 2.3, despois do enunciado "Educación e capital humano", débese engadir un novo párrafo que terá o seguinte contido:

"Obxectivo xeral: dispoñer da información básica sobre educación e formación, con especial incidencia na orientada á análise do fracaso escolar e das diferenzas en servizos, recursos, calidade e realidade social da contorna familiar, da escola pública, da concertada e da privada."

Emenda nº14, de Adición. Sección 2.4



No Anexo I, Sección 2.4, despois do enunciado "Traballo", débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Obxectivo xeral: progresar no coñecemento do mercado laboral, da calidade do emprego, dos salarios, da súa evolución e da incidencia dos programas ou axudas públicas."

Emenda nº15, de Adición. Sección 2.5

No Anexo I, Sección 2.5. despois do enunciado "Condicións sociais", débese engadir o seguinte parágrafo:

"Obxectivo xeral: avanzar no estudo da calidade de vida por tramos de idade, da igualdade, da violencia de xénero, da cohesión social, da pobreza, da aplicación da Lei de dependencia e do funcionamento da xustiza."

Emenda nº16, de Adición. Sección 2.6

No Anexo I, Sección 2.6, despois do enunciado "Cultura, deporte e lecer", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: coñecer os recursos dispoñibles para as prácticas culturais e deportivas, a utilización que delas fai a cidadanía, así como a oferta da produción cultural, o consumo, a demanda de cultura e a práctica lingüística."

Emenda nº17, de Adición. Sección 2.7

No Anexo I, Sección 2.7. despois do enunciado "Vivenda", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: dispoñer da información sobre o parque de vivenda nova, usada, de segunda residencia, valeira, desafiuzamentos, as condicións de acceso e a evolución dos prezos."



Emenda nº18, de Adición. Sección 3.1

No Anexo I, Sección 3.1. despois do enunciado "Sector agrario", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da estrutura e da actividade dos subsectores agrícola, gandeiro e forestal, prestando atención á ocupación por xénero."

Emenda nº19, de Adición. Sección 3.2

No Anexo I, Sección 3.2. despois do enunciado "Pesca e acuicultura", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da estrutura e das actividades do sector pesqueiro."

Emenda nº20, ao apartado 3.3, de Adición. Sección 3.3

No Anexo I, Sección 3.3. despois do enunciado "Energía e industria", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: afondar no coñecemento da estrutura e da actividade industrial."

Emenda nº21, ao apartado 3.4, de Adición. Sección 3.4

No Anexo I, Sección 3.4. despois do enunciado "Construción", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: dispoñer de información básica sobre a situación do sector diferenciando a obra residencial da non residencial e prestando especial atención á actividade de restauración."



Emenda nº22, ao apartado 3.6, de Adición. Sección 3.6

No Anexo I, Sección 3.6. despois do enunciado "Administración pública e outros servizos non de mercado," débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: coñecer o funcionamento e os servizos prestados pola Administración prestando especial atención ao financiamento e execución orzamentaria dos recursos que xestionan."

Emenda nº23, ao apartado 3.7, de Adición. Sección 3.7

No Anexo I, Sección 3.7 despois do enunciado "Mercados e prezos", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: avanzar no coñecemento dos mercados interiores, das relacións comerciais con outros mercados e da posición competitiva de Galicia no mercado global."

Emenda nº24, de Adición. Sección 3.8

No Anexo I, Sección 3.8. despois do enunciado "Actividade empresarial", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: aportar información sobre a dinámica e a estratexia das empresas galegas, afondando na súa situación financeira e competitiva, así como na súa aposta pola I+D+i."

Emenda nº25, de Adición. Sección 3.9

No Anexo I, Sección 3.9, despois do enunciado "Sistema de contas", débese engadir o seguinte texto:



"Obxectivo xeral: consolidar o coñecemento da economía galega, a súa evolución, a converxencia ou diverxencia coas economías da nosa contorna."

Emenda nº26, de Adición. Área 5. Plan e programas da Xunta de Galicia

No Anexo I, débese engadir unha nova Área 5, que terá o seguinte contido:

"Área 5. Plans e programas da Xunta de Galicia

- Sección 5.1. Plans estratéxicos de Galicia
 - Sección 5.2. Plan estratéxico de Galicia 2021-2030
 - Sección 5.3. Plans e programas da Xunta de Galicia."
-

Emenda nº27, de Adición. Sección 4.1

No Anexo I, Sección 4.1, despois do enunciado "Sociedade da Información", débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: afondar no coñecemento do acceso e inserción da cidadanía, os axentes sociais, as empresas e as administracións na sociedade da información."

Emenda nº28, de Adición. Sección 4.2

No Anexo I, Sección 4.2. despois do enunciado, Ciencia e tecnoloxía, débese engadir o seguinte texto:

"Obxectivo xeral: consolidar e ampliar a información relativa á ciencia e a tecnoloxía, en particular sobre I+D+i".

Emenda nº29, de Adición. Sección 1.1



No Anexo II, despois do enunciado "Territorio", débese engadir a seguinte frase:

"Mapa de Servizos no territorio"

Emenda nº30, de Adición. Sección 2.1

Na Área 2, Sección 2.1 débese engadir *in fine* a expresión: "Tipoloxía de familia".

Emenda nº31, de Adición. Sección 2.4

No Anexo II, Sección 2.4, débese engadir *in fine* a seguinte expresión:

"Teletraballo"

Emenda nº32, de Adición. Sección 2.5

No Anexo II, Sección 2.5, logo da expresión "Pensións e outras prestacións", débense engadir os seguintes enunciados:

"Risga: solicitudes aprobadas, aceptadas, denegadas, listas de agarda, número de perceptores

Condicións de vida"

Emenda nº33, de Adición. Sección 2.6

No Anexo II, Sección 2.6, débese engadir *in fine* o seguinte enunciado:

"Equipamentos e recursos deportivos"

Emenda nº34, de Adición. Sección 2.7



No Anexo II, Sección 2.7, débese engadir *in fine* a seguinte expresión:

"Parque de vivendas: ocupadas, baleiras, en propiedade e de aluguer."

Desafiuzamentos de primeira vivenda"

Emenda nº35, de Adición. Sección 3.1

Anexo II, Sección 3.1, despois da expresión "Sacrificio de gando", débense engadir os seguintes enunciados:

"Producción de leite

Ocupación no sector primario desagregado por sexos

Relevo xeracional

Consellos reguladores"

Emenda nº36, de Adición. Sección 3.3

No Anexo II, sección 3.3, despois do enunciado "Producción, distribución e consumo de enerxía", débense engadir as seguintes epígrafes:

"Enerxías renovables e non renovables

Prezos dos combustibles"

Emenda nº37, de Adición. Sección 3.5

No Anexo II, Sección 3,5, despois da expresión "Comercio exterior", débense engadir as seguintes epígrafes:

"Comercio minorista: pequeno comercio e grandes superficies

Comercio de proximidade

Turismo rural



Comisións bancarias

Créditos concedidos

Sucursais de entidades financeiras en Galicia e indicadores de accesibilidade da poboación aos servizos financeiros"

Emenda nº38, de Adición. Sección 3.6

No Anexo II, Sección 3.6, débense engadir *in fine* as seguintes epígrafes:

"Administración autonómica

Administración local

Administración universitaria

Recursos e gasto na educación

Recursos e gasto nas infraestruturas

Recursos e gasto en políticas sociais

Recursos e gastos en política industrial

Cooperación externa"

Emenda nº39, de Adición. Sección 3.7

No Anexo II, Sección 3.7, despois de "Prezos no sector externo", débense engadir as seguintes epígrafes:

"Prezos no sector da construción e da vivenda

Prezos no sector enerxético

Prezos noutros sectores"



Emenda nº40, de Adición. Sección 3.9

No Anexo II, Sección 3.9, débense engadir *in fine* as seguintes epígrafes:

"Indicadores da actividade económica-financeira da Comunidade Autónoma

Estatística tributaria autonómica"

Emenda nº41, de Adición. Área 5. Plans e programas da Xunta de Galicia

No Anexo II, débese engadir unha nova Área 5, que terá o seguinte contido:

"Área 5. Plans e programas da Xunta de Galicia
Sección 5.1. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020
Sección 5.2. Plan estratéxico de Galicia 2021-2030
Sección 5.3. Plans e programas da Xunta de Galicia"

Emenda nº42, de Adición. Sección 4.2

No Anexo II, Sección 4.2, débense engadir *in fine* as seguintes epígrafes:

"Gasto público en I+D+i

Número de patentes

Persoal investigador

I+D+i nas pequenas e medianas empresas"

Emenda nº43, de Modificación. Exposición de motivos

Na epígrafe I, sétimo parágrafo, onde di: "Tamén poderán formar parte deste plan", debe dicir: "Formarán parte deste plan ..."





Emenda nº44, de Adición. Exposición de motivos


Despois do parágrafo sétimo que comeza por: "Tamén poderán formar parte deste plan .." débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Tamén formarán parte deste plan a variable grao de urbanización en todos os estudos que se realicen en materia de muller"

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 18:26:20





De: Comisión Mixta para la Unión Europea <cmue@congreso.es>

Enviado el: viernes, 15 de octubre de 2021 9:58

Asunto: Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2021) 627]

Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por el que se modifica el Reglamento (UE) 2017/746 en lo que respecta a las disposiciones transitorias para determinados productos sanitarios para diagnóstico in vitro y a la aplicación diferida de los requisitos aplicables a los productos internos (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM(2021) 627 final] [2021/0323 (COD)]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA



COMISIÓN
EUROPEA

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
19 OUT. 2021
Núm. 23825

Bruselas, 14.10.2021
COM(2021) 627 final

2021/0323 (COD)

Propuesta de

REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

por el que se modifica el Reglamento (UE) 2017/746 en lo que respecta a las disposiciones transitorias para determinados productos sanitarios para diagnóstico *in vitro* y a la aplicación diferida de los requisitos aplicables a los productos internos

(Texto pertinente a efectos del EEE)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

El Reglamento (UE) 2017/746 del Parlamento Europeo y del Consejo¹ establece un nuevo marco regulador de los productos sanitarios para diagnóstico *in vitro*, como las pruebas de VIH, las pruebas de embarazo o las pruebas de SARS-CoV-2. Se calcula que alrededor del 70 % de las decisiones clínicas se toman utilizando productos sanitarios para diagnóstico *in vitro*².

